

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de Estatística do día 23 de xullo de 2010

23302 Inserción laboral dos titulados de formación profesional

PROXECTO TÉCNICO

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, consciente da importancia que, para a mocidade, ten unha axeitada formación e orientación profesional, considera que o coñecemento dos datos relativos á inserción laboral dos titulados de formación profesional específica debe ser un referente a ter en conta polas persoas na toma de decisións sobre o futuro profesional, así como pola Administración educativa para a planificación da oferta de formación profesional.

Obxectivos concretos

A poboación obxecto de estudo nun ano x é o conxunto de titulados de formación profesional que remataron estes estudos no curso escolar $x-3/x-2$, así, no ano 2007 investigarase aos titulados que remataron no curso 2004/2005.

O obxectivo principal do estudo é coñecer a inserción laboral dos titulados de formación profesional segundo familias profesionais ou ciclos formativos e por sexo. En concreto:

- Distribución dos alumnos que están empregados, que continúan estudos ou que están buscando emprego.
- Relación entre o posto de traballo e o perfil profesional que se deriva de cada titulación.
- Sector laboral do emprego.
- Principais vías de conseguir emprego.
- Tempo que tardan os titulados en conseguir traballo tras rematar o ciclo formativo.
- Localización do posto de traballo.
- Distribución de alumnos que continúan coa súa formación.
- Grao de satisfacción coa formación recibida nos ciclos formativos.
- Autoemprego.

O estudo realízase de forma bienal por ciclos formativos naquelas familias profesionais nas que é posible extraer información. Os resultados presentaranse en datos globais e distribuídos por xénero, grao formativo, provincia e familia profesional. Debido ao reducido número do universo dalgúns dos ciclos formativos, naqueles casos nos que non é posible realizar o estudo por ciclo formativo realizarase por familia profesional.

Unidades estatísticas

As unidades de mostraxe son os alumnos titulados que cumpren as condicións da poboación obxecto do estudo. As unidades informantes son os propios titulados de formación profesional.

Deseño mostral

A mostraxe será aleatoria sen reposición en cada unha das familias profesionais ou agrupacións de familias (para aqueles casos onde o número de titulados é moi pequeno) con estratificación por ciclo formativo (só naqueles casos que o número de titulados sexa o suficientemente grande) ou por familia (nas agrupacións) e sexo, é dicir realízase unha mostraxe independente en cada familia profesional/agrupación de familias e dentro de cada mostra estratifícase por ciclo/familia e por sexo. A estratificación dos alumnos de cada familia realízase porque temos indicios de que a inserción é diferente entre ciclos, polo que a estratificación melloraría as estimacións, ademais esta estratificación garante ter unha mostra de alumnos para cada cruce de ciclo/familia e sexo, asegurándonos así poder ter unha estimación.

Inicialmente determínase un tamaño da mostra para cada familia, esixindo que o erro absoluto (diferenza entre a porcentaxe estimada e a real) sexa menor de k puntos porcentuais cunha confianza do 95%. Así se a porcentaxe estimada se pode considerar que se distribúe segundo unha normal teríamos que

$$\Pr\{|\hat{p} - P| < k\} = 1 - \alpha \quad \text{para } \alpha = 0,05 \quad \text{sendo } k = z_{\frac{\alpha}{2}} \sigma(\hat{p})$$

Desta última igualdade onde se relaciona a desviación típica da porcentaxe estimada co nivel de erro permitido pódese extraer o tamaño da mostra preciso, pois

$$\sigma^2(\hat{p}) = \frac{N-n}{N-1} \frac{PQ}{n}$$

$$\text{e así } n = \frac{S^2}{\frac{k^2}{z^2} + \frac{S^2}{N}} \quad \text{sendo } S^2 = \frac{N}{N-1} PQ$$

A cuasivarianza S^2 é unha función en P que acada o seu máximo cando $P=1/2$, polo que á hora de calcular o tamaño da mostra nos poremos no peor dos casos, cando a variabilidade é máxima, e consideramos que $P=Q=1/2$

Deste xeito, substituíndo k polo nivel de erro máximo permitido (que pode ser un número entre 0,10 e 0,05) e $z = 1,96$ obtense para cada familia o n buscado.

Unha vez que temos este tamaño de mostra para cada familia, determináanse as agrupacións para aquelas familias onde a fracción de mostraxe (porcentaxe de poboación que se enquisa) se atopa cerca do 80%. Así, segundo o estudo feito en anos anteriores nalgunhas familias atopáronse problemas para a obtención da mostra desexada ao non dispor de unidades no universo para facer substitucións nos casos de falla de resposta.

Así, vólvense a calcular os tamaños da mostra para estas agrupacións e xa se pasa, nunha segunda fase a determinar en cada familia/agrupación a mostra por estratos. Este reparto faise de xeito proporcional ao número de alumnos titulados en cada estrato que estará formado polo cruce de sexo e ciclo formativo (naqueles casos onde os ciclos formativos teñen un número grande de alumnos) ou sexo e familia profesional (nas agrupacións).

Cando o tamaño da mostra para algún dos ciclos non supera os 20 titulados, como é o caso da familia Sanidade nesta edición, ampliase o tamaño da mostra para obter unhas estimacións máis fiables.

Ata o ano 2008 o k empregado na determinación do tamaño da mostra era 0,05. No ano 2010 e debido a restricións orzamentarias decídese reducir o tamaño da mostra e así, báixanse as esixencias en canto ao nivel de erro a un 7% pasando de ter unha mostra de 2519 elementos (na edición do 2008 eran 3.448). No anexo I recóllense os tamaños da mostra de cada familia (ou agrupación) para os anos 2007, 2008 e 2010 e a súa repartición por estratos.

Unha vez determinados os tamaños da mostra, a selección realizase aleatoriamente. O marco empregado para a selección da mostra dun ano x é a base de datos dos alumnos titulados en FP no curso $x-3/x-2$ e que solicitaron o seu título no ano $x-2$, por exemplo, no ano 2007 enquisáronse aos alumnos de FP que se titularon no curso 2004/2005 e que pediron o título de FP no ano 2005.

Esta base de datos, facilitada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, complétase coa información da base de datos do alumnado que solicita axuda para a realización do módulo de formación en centros de traballo (FCT) e da base de datos do alumnado que estaba matriculado no curso obxecto do estudo, facilitadas ambas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a obtención dos teléfonos das persoas tituladas.

Recollida e tratamento de datos

O cuestionario que se utiliza para a recollida de datos recollese no anexo II. O cuestionario recolle información sobre o enquisador, as ensinanzas de formación profesional, sobre o alumno, a actividade laboral, do posto de traballo, etc.

Datos do cuestionario e do entrevistador

Datos identificativos do entrevistador, data de realización do cuestionario e número.

Datos das ensinanzas

Centro educativo no que estudou, os seus estudos de formación profesional, ciclo formativo que cursou e data de obtención do título.

Esta información, aínda que xa está no marco que se emprega para seleccionar os alumnos, preguntáselle de novo para confirmar.

Datos persoais do alumno

Nome, apelidos, DNI, data de nacemento, sexo, teléfono, concello e provincia de residencia.

Esta información aínda que xa está no marco que se emprega para seleccionar os alumnos, preguntáselle de novo para confirmar.

Datos da actividade laboral

Situación laboral actual: traballando, estudando, buscando traballo, outros.

- Enténdese como emprego o traballo remunerado non discontinuo nin con menos de 20 horas semanais e que teña unha duración de, polo menos, un mes, con intención de estabilidade por parte da persoa titulada.
- Considéranse persoas que están estudando cando unicamente realizan esta actividade. Se compaxinan o traballo e o estudo considérase que están traballando.
- Enténdense como persoas en situación de busca de emprego cando non están nin traballando nin estudando e realizan esta busca de forma activa.

Conseguíu emprego despois de finalizar o ciclo: si, non ou xa tiña.

Tempo que tardan os titulados en conseguir emprego tras rematar o ciclo formativo (cando o conseguen) categorizados en:



- Conseguiuno antes de comezar a estudar.
- Conseguiuno mentres estudaba.
- Conseguiuno de forma inmediata.
- Antes de 6 meses.
- Entre 6 meses e 12 meses.
- Máis de 12 meses.

Data de inicio do primeiro emprego (cando conseguise emprego despois de rematar o ciclo ou xa o tivera mentres estudaba) e data de finalización

Data de inicio do emprego actual (cando sexa diferente ao primeiro emprego)

Características do posto de traballo

Categoría profesional do primeiro emprego e do actual, clasificadas segundo:

- Dirección
- Mando intermedio
- Encargado ou xefe de equipo
- Obreiro especializado:
 - Oficial de primeira
 - Oficial de segunda
 - Oficial de terceira
- Obreiro especializado que non coñece categoría.
- Peón ou empregado sen especialización nin formación previa requirida.
- Auxiliar/axudante
- Aprendiz

Sector laboral e condicións laborais do primeiro emprego e do emprego actual. As diferentes opcións son: empresa propia, traballador autónomo, persoas asalariadas na empresa privada (contrato indefinido, contrato temporal, contrato verbal, bolseiro) e persoas traballando no sector público (funcionario, persoal laboral, persoal interino, contratado administrativo, bolseiro).

- Enténdese empresario á persoa que é propietaria dunha empresa e do resultado do traballo da empresa.
- Enténdese como traballador autónomo á persoa que desenvolve unha actividade mercantil (empresarial) pola súa conta e é propietario do resultado do seu traballo.

Principais vías de conseguir emprego, considéranse as seguintes:

- A través da empresa na que os alumnos realizaron o módulo de formación en centros de traballo (FCT).



- A través do centro educativo.
- Mediante anuncios en taboleiros, prensa, radio ou televisión.
- A través de familiares ou coñecidos.
- A través de contactos profesionais.
- Mediante unha empresa de traballo temporal.
- Mediante concurso ou oposición.
- A través do Servizo Público de Emprego.
- Solicitud a iniciativa da propia persoa titulada.
- Autoemprego

Relación entre o posto de traballo e o perfil profesional que se deriva de cada titulación. Está relacionado ou non

Relación do traballo actual coas expectativas ao finalizar os estudos.

Creación de empresa propia

Indica se a persoa titulada ten unha intención real ou un proxecto de creación de empresa propia a corto ou medio prazo, ou polo contrario non existe esa intención.

Localización do posto de traballo

Localización do primeiro emprego e do emprego actual. No caso de que o emprego sexa na comunidade autónoma recóllese o concello e a provincia, no caso de ser noutro lugar indicase se é unha comunidade distinta de Galicia ou o estranxeiro no caso de ser un país diferente do correspondente ao territorio español.

Continuación de estudos

Continúa os estudos e tipo de estudos que realiza en:

- Outro ciclo profesional.
- Unha titulación universitaria (diferenciadas por áreas: ciencias da saúde e experimentais, ciencias sociais e xurídicas, ensinanzas técnicas e humanidades).
- Outras ensinanzas (especificando cales: realizando cursos de formación, preparando oposicións, etc.)
- Neste apartado terase en conta calquera tipo de estudos ou formación complementaria que se estea a cursar no momento de realizar a enquisa, sen excluír aos que declaran que están a traballar.

Valoración persoal

Valoración da formación recibida no ciclo formativo. Valoración de 1 a 6, onde 1 significa totalmente insatisfeito e 6 significa completamente satisfeito.

O deseño do cuestionario baseouse no principio de máxima simplificación de cara a facilitar a resposta, así como o procesamento da información.

Recollida de datos

Seleccionárase ao chou os titulados estratificados por ciclo formativo/familia profesional e sexo.

O método de recollida de datos será mediante entrevista telefónica. Para enfrontarse á falta de respostas producirase un máximo de catro reintentos de chamada telefónica por candidato, que se realizarán en diferente franxa horaria. En caso de ser negativos estes intentos seleccionárase o alumnado substituto a chou entre os que non forman parte da mostra inicial.

A gravación dos datos realizarase mediante o Sistema Telefónico CATI, o que posibilita un maior control na recollida dos datos, pois mediante este sistema os enquisadores están obrigados a cubrir cada unha das preguntas do cuestionario antes de pasar á seguinte, minimizando os casos de non resposta parcial causados por erros atribuíbles ao enquisador, ademais de ser obrigatorio respectar os filtros da enquisa. Tamén o sistema comproba que ningún dato saia do rango establecido para cada unha das pregunta (no anexo II, o cuestionario reflicte o fluxo que ten que seguir as preguntas que se implementou no aplicativo)

Así mesmo, depurarase o ficheiro de datos mediante un paquete estatístico, comprobando a coherencia das respostas e o uso correcto das preguntas filtro, mediante:

- A definición das etiquetas das variables e a súa tipoloxía, e das categorías de resposta.
- Recodificación en distintas variables das variables de tipo ordinal nas que os obxectivos da investigación ou a dispersión ou escaseza dunha resposta o aconselle.

Para completar a depuración da base de datos realizaranse os seguintes procesos:

- Comprobación da cumprimentación definitiva do deseño mostral a través de táboas de frecuencias.
- Comprobación do uso correcto dos filtros do cuestionario.
- Estudo do alcance da non-resposta
- Busca de datos extremos ou incongruentes para supervisalos telefonicamente.

Para a detección de incoherencias recorrerase ás táboas de continxencias, comparando valores de diferentes variables e para a comparación do valor da mesma variables para diversos segmentos poboacionais.

Realizarase a supervisión de todo o proceso e revisaranse un 20% aproximadamente dos datos gravados, tendo a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa acceso a dita supervisión en colaboración coa empresa adjudicataria. Para realizala dedicaranse horarios variados tentando, co número de chamadas que sexa preciso, confirmar a realización e corrección das enquisas realizadas:

Os contidos desta supervisión serán:

- Confirmación da realización da enquisa.
- Confirmación da explicación inicial do obxecto da enquisa á unidade informante.
- Confirmación das respostas á variables que afecten aos obxectivos principais do estudo, confirmando que o entrevistado forma parte da poboación obxecto do estudo.
- Confirmación da duración aproximada da entrevista e bloques temáticos tratados.
- Confirmación de preguntas dúbidasas ou contraditorias, que presenten algún tipo de incidencia.

Para a execución das accións contarase con persoal debidamente formado e cos coñecementos axeitados para a súa correcta realización.

Procedemento de estimación

Cálculo dos estimadores

O procedemento de estimación ven determinado polo propio procedemento de mostraxe. Así para cada familia/agrupación de familias o estimador da porcentaxe de titulados que cumpren unha determinada condición calcúlase como a media desta mesma porcentaxe en cada un dos estratos ponderada polo peso do estrato. A efectos prácticos calcúlase un factor de elevación que será igual para todos os elementos da mostra pertencentes a cada estrato en cada familia. Para estimar o total de titulados que cumpren unha determinada condición calculase a suma ao longo da mostra dos titulados que a cumpren multiplicado cada un polo factor de elevación correspondente.

Así, para unha familia ou agrupación de familias f ($f = 1, \dots, F$) e un estrato h ($h = 1, \dots, L_f$) o factor de elevación que terán as unidades deste estrato nesta familia será:

$$Felev_i = \frac{N_{fh}}{n_{fh}}$$

Sendo N_{fh} o número de titulados na familia f e no estrato h ao que pertence a unidade i -ésima e n_{fh} os titulados enquisados no estrato h da familia f .

Así por exemplo, o estimador da porcentaxe de titulados que traballan nunha familia f será a suma de todos os elementos da mostra da familia f que traballan, multiplicando cada un polo seu factor de elevación correspondente e dividindo a suma total polo número total dos titulados nesa familia.

$$\hat{P}(\text{traballan})_f = \frac{1}{N_f} \sum_{i \in m_f} 1_{\{\text{traballa}\}} Felev_i$$

Procédese de igual xeito para calcular a porcentaxe total dos titulados que traballan, pero neste caso a suma estenderase a todos os elementos da mostra

$$\hat{P}(\text{traballan}) = \frac{1}{N} \sum_{i \in m} 1_{\{\text{traballa}\}} Felev_i$$

Para calcular a porcentaxe de titulados que cumpren unha condición entre os que cumpren outra máis xenérica (por exemplo a porcentaxe de titulados que atoparon emprego por unha determinada vía) trabállase de xeito análogo e así estimaríamos o numerador e denominador para o nivel ao que se quere obter a estimación e facer a porcentaxe con estas estimacións.

A efectos prácticos para calcular, por exemplo, os alumnos que atoparon emprego por unha determinada vía nunha familia f calcularase o número total de titulados da familia que atoparon emprego e despois os titulados que o atoparon pola vía en cuestión sendo a porcentaxe buscada o cociente entre ambas cantidades, así:

$$\hat{P}(\text{AtoparonEmpregoPolaVíaX})_f = \frac{\sum_{i \in m_f} 1_{\{\text{AtoparonEmpregoVíaX}\}} Felev_i}{\sum_{i \in m_f} 1_{\{\text{AtoparonEmprego}\}} Felev_i}$$

Para o total das familias calcúlase do mesmo xeito pero sumando toda a mostra en lugar de sumar so nunha determinada familia.

Explotación de resultados prevista

A difusión dos resultados farase a través da páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Bienalmente, facilitarase unha información máis detallada analizando

o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e outra máis xeral que realiza a análise a nivel provincial (a variable empregada para determinar o ámbito xeográfico é o concello do centro educativo onde cursou os estudos de formación profesional).

Para Galicia difundiranse a seguinte información:

Situación laboral actual

Porcentaxe de titulados que están, no momento de realización da enquisa, empregados, estudando, buscando emprego ou noutras situacións. Estas porcentaxes facilitaranse globalmente, por xénero, por grao formativo (ciclos medios e superiores) e por familia profesional dependendo das agrupacións da mostra.

Tempo en atopar emprego

Facilitarase a distribución porcentual das persoas tituladas que atoparon emprego ou xa o tiñan segundo o tempo que tardaron en atopalo. As diferentes categorías desta variable que se facilitan para o total de alumnos son:

- Antes do 6 meses.
- Entre 6 meses e 12 meses.
- Máis de 12 meses.

Tamén se facilitarán as porcentaxes de forma global, por xénero, por grao formativo e por familia profesional, sempre e cando as diferenzas sexan apreciáveis. Nestes casos o tempo en atopar emprego categorízase nos seguintes intervalos: antes dos 6 meses (inclúe xa o tiña, conseguíuno de forma inmediata e antes de 6 meses), entre 6 e 12 meses e máis de 12 meses.

Relación do posto de traballo co perfil profesional

Facilitarase, para os titulados que indican que atoparon emprego ou xa o tiñan, a distribución porcentual segundo o seu emprego teña relación co perfil profesional da familia profesional que estudaron. Estas porcentaxes facilitaranse globalmente, por xénero, por grao formativo e por familia profesional, sempre e cando as diferenzas sexan apreciáveis.

Vías prioritarias para acadar emprego

Facilitaranse, para os titulados que indican que atoparon emprego ou xa o tiñan. Especificando se o emprego se acadou a través da empresa onde se realizou o módulo de FCT ou pola contra o emprego se atopou por outra vía distinta, estas clasifícanse en:

- A través do centro educativo
- Anuncios en medios de comunicación
- Contactos persoais ou familiares
- Contactos profesionais.
- Mediante unha empresa de traballo temporal.

- Concurso/oposición.
- A través do Servizo Galego de Colocación.
- Solicitud a iniciativa da propia persoa titulada.
- Autoemprego.

Facilítanse estas porcentaxes de xeito global. Tamén se facilitan as porcentaxes de titulados que atoparon emprego segundo a vía de atopalo por xénero, por grao formativo e por familia profesional, sempre e cando as diferenzas sexan apreciables.

Colocación por sectores

Facilitaranse, para os titulados que indican que atoparon emprego ou xa o tiñan, a distribución porcentual segundo os distintos sectores laborais do primeiro emprego. Estas porcentaxes especificanse globalmente. Os sectores laborais considerados son:

- Empresa propia
- Traballador autónomo
- Sector privado
- Sector público

Esta información non se facilitará por xénero cando non haxa tamaño na mostra suficiente.

Espírito emprendedor

Porcentaxe de persoas tituladas que teñen intención de crear unha empresa propia a corto ou medio prazo, especificada globalmente.

Esta información facilítase de xeito global, non por sexo, xa que o número de persoas que teñen intención de formar unha empresa son poucas e, polo de agora, non son un número suficiente como para desagregar por xénero

Localización do posto de traballo

Facilitaranse, para os titulados que indican que atoparon emprego ou xa o tiñan a distribución porcentual segundo a localización do posto de traballo sexa na Comunidade Autónoma de Galicia, noutra comunidade ou no estranxeiro. Estas porcentaxes especificanse unicamente para o total de alumnos especificada globalmente.

Alumnado que continúa estudos

Neste apartado terase en conta calquera tipo de estudos ou formación complementaria sen excluír aos que declaran que están a traballar. Facilitarase a porcentaxe de persoas tituladas que continúan algún tipo de formación e a distribución porcentual destes titulados segundo o tipo de estudos que levan a cabo: formación profesional, estudos universitarios ou outro tipo de formación complementaria. Facilitaranse estas porcentaxes para o total de alumnos, por

xénero, por grao formativo e por familia profesional, sempre e cando as diferenzas sexan apreciábeis.

Por provincias facilítase a seguinte información:

Situación laboral actual

Para cada provincia facilitarase a distribución porcentual dos alumnos titulados en centros educativos desa provincia segundo estean, no momento de realizar a enquisa: traballando, buscando emprego, estudando ou noutras situacións.

Perfil profesional

Facilitarase para cada provincia e para os titulados (que cursaron os estudos en centros situados nela) que indican que atoparon emprego ou xa o tiñan, a distribución porcentual segundo o seu emprego teña ou non relación co perfil profesional do ciclo formativo/familia profesional que estudaron.

Vías de emprego

Facilitarase para cada provincia e para os titulados (que cursaron os estudos en centros situados nela) que indican que atoparon emprego ou xa o tiñan, a distribución porcentual segundo as vías prioritarias para acadar emprego. Especificando se o emprego se acadou a través da empresa onde se realizou o módulo de FCT ou pola contra o emprego se atopou por outra vía distinta, estas clasifícanse en:

- A través do centro educativo
- Anuncios en medios de comunicación
- Contactos persoais ou familiares
- Contactos profesionais.
- Mediante unha empresa de traballo temporal.
- Concurso/oposición.
- A través do Servizo Galego de Colocación.



Anexos

Anexo I: Tamaños mostrais en diferentes edicións

Extracción da mostra no ano 2007

O total da poboación corresponde a 8.884 persoas tituladas de formación profesional que remataron estudos no curso 2004-2005.

O tamaño da mostra é de 3.417 persoas.

		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Actividades agrarias, actividades marítimo-pesqueiras e industrias alimentarias		313	173	
Actividades agrarias	Homes	106	59	1,797
	Mulleres	40	22	1,818
Actividades marítimo-pesqueiras	Homes	88	49	1,796
	Mulleres	13	7	1,857
Industrias Alimentarias	Homes	20	11	1,818
	Mulleres	46	25	1,840
Actividades físicas e deportivas		238	147	
CM Conducción de actividades físico-deportivas no medio natural	Homes	23	14	1,643
	Mulleres	21	13	1,615
CS Animación de actividades físicas e deportivas	Homes	108	67	1,612
	Mulleres	86	53	1,623
Administración		1.646	312	
CM Xestión administrativa	Homes	164	31	5,290
	Mulleres	557	106	5,255
CS Administración e finanzas	Homes	129	24	5,375
	Mulleres	621	118	5,263
CS Secretariado	Homes	11	2	5,500
	Mulleres	164	31	5,290
Artes gráficas, e comunicación, imaxe e son		195	130	
Artes gráficas	Homes	43	29	1,483
	Mulleres	66	44	1,500
Comunicación, imaxe e son	Homes	41	27	1,519
	Mulleres	45	30	1,500



		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Comercio e márketing		483	215	
CM Comercio	Homes	43	19	2,263
	Mulleres	202	90	2,244
CS Xestión comercial e márketing	Homes	53	24	2,208
	Mulleres	112	50	2,240
CS Comercio internacional e CS Xestión do transporte	Homes	21	9	2,333
	Mulleres	52	23	2,261
Edificación e obra civil		320	175	
	Homes	187	102	1,833
	Mulleres	133	73	1,822
Electricidade e electrónica		991	279	
CM Equipos electrónicos de consumo		205	58	3,534
CM Equipos e instalación electrotécnicas		299	84	3,560
CS Instalacións electrotécnicas		120	34	3,529
CS Desenvolvemento de produtos electrónicos		169	47	3,596
CS Sistemas de regulación e control automáticos		49	14	3,500
CS Sistemas de telecomunicación e informáticos		149	42	3,548
Fabricación mecánica		291	166	
	Homes	285	163	1,748
	Mulleres	6	3	2,000
Hostalaría e turismo		432	204	
	Homes	142	67	2,119
	Mulleres	290	137	2,117



		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Imaxe persoal		434	205	
	Homes	16	8	2,000
	Mulleres	418	197	2,122
Informática		664	243	
CS Desenvolvemento de aplicacións informáticas	Homes	245	90	2,722
	Mulleres	91	33	2,758
CS Administración de sistemas informáticos	Homes	256	94	2,723
	Mulleres	72	26	2,769
Madeira e moble		146	121	
	Homes	141	117	1,205
	Mulleres	5	4	1,250
Mantemento de vehículos autopropulsados		429	203	
	Homes	418	198	2,111
	Mulleres	11	5	2,200
Mantemento e servizos á produción		245	150	
	Homes	231	141	1,638
	Mulleres	14	9	1,556
Química		238	148	
	Homes	69	43	1,605
	Mulleres	169	105	1,610
Sanidade		1379	319	
CM Coidados auxiliares e de enfermaría	Homes	41	9	4,556
	Mulleres	503	110	4,573
CM Farmacia	Homes	20	4	5,000
	Mulleres	156	34	4,588
CS Anatomía patolóxica e citoloxía	Homes	12	3	4,000
	Mulleres	58	17	3,412
CS Saúde ambiental	Homes	13	4	3,250
	Mulleres	58	16	3,625
CS Dietética	Homes	11	2	5,500
	Mulleres	115	25	4,600
CS Documentación sanitaria + CS Hixiene bucodental	Homes	6	2	3,000
	Mulleres	74	19	3,895



CS Imaxe para o diagnóstico	Homes	11	3	3,667
	Mulleres	65	17	3,824
CS Laboratorio de diagnóstico clínico	Homes	12	3	4,000
	Mulleres	144	31	4,645
CS Próteses dentais	Homes	11	3	3,667
	Mulleres	69	17	4,059
Servizos socioculturais e á comunidade		411	199	
	Homes	23	11	2,091
	Mulleres	388	188	2,064
Téxtil, confección e pel; e vidro e cerámica		29	28	
Téxtil, confección e pel	Homes	2	2	1,000
	Mulleres	23	22	1,045
Vidro e cerámica	Homes	3	3	1,000
	Mulleres	1	1	1,000

Extracción da mostra no ano 2008

Tamaños mostrais calculados para o estudo do ano 2008 e a súa afixación por estratos. Tamén se recolle o tamaño efectivo da mostra e os factores de elevación obtidos.

O total da poboación corresponde a 8.950 persoas tituladas de formación profesional que remataron estudos no curso 2005-2006.

O tamaño da mostra é de 3.448 persoas.

		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Actividades agrarias, Actividades marítimo-pesqueiras		320	175	
Actividades agrarias	Homes	122	67	1,821
	Mulleres	41	22	1,864
Actividades marítimo-pesqueiras	Homes	131	72	1,819
	Mulleres	26	14	1,857
Actividades físicas e deportivas		201	132	
CM Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	Homes	15	10	1,500
	Mulleres	20	13	1,538
CS Animación de actividades físicas e deportivas	Homes	102	67	1,522
	Mulleres	64	42	1,524
Administración		1.463	306	
CM Xestión administrativa	Homes	107	22	4,864
	Mulleres	518	108	4,796
CS Administración e finanzas	Homes	137	29	4,724
	Mulleres	570	119	4,790
CS Secretariado	Homes	8	2	4,000
	Mulleres	123	26	4,731
Artes gráficas e Comunicación, imaxe e Son		259	154	
Artes gráficas	Homes	44	26	1,692
	Mulleres	44	26	1,692
Comunicación, imaxe e son	Homes	101	60	1,683
	Mulleres	70	42	1,667



		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Comercio e márketing		466	212	
CM Comercio	Homes	37	17	2,176
	Mulleres	159	72	2,208
CS Xestión comercial e márketing	Homes	57	26	2,192
	Mulleres	127	58	2,190
CS Comercio internacional e CS Xestión do transporte	Homes	23	10	2,300
	Mulleres	63	29	2,172
Edificación e obra civil		268	159	
	Homes	160	95	1,684
	Mulleres	108	64	1,688
Electricidade e electrónica		1.005	280	
CM Equipos electrónicos de consumo		204	57	3,579
CM Equipos e Instalación electrotécnicas		291	81	3,593
CS Instalacións electrotécnicas		164	46	3,565
CS Desenvolvemento de produtos electrónicos		133	37	3,595
CS Sistemas de regulación e control automáticos		51	14	3,643
CS Sistemas de telecomunicación e informáticos		162	45	3,600
Fabricación mecánica		346	183	
	Homes	343	181	1,895
	Mulleres	3	2	1,500
Hostalaría e turismo e industrias alimentarias		540	225	
Hostalaría e turismo	Homes	138	58	2,379
	Mulleres	338	141	2,397
Industrias alimentarias	Homes	25	10	2,500
	Mulleres	39	16	2,438



		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Imaxe persoal		466	211	
	Homes	8	4	2,000
	Mulleres	458	207	2,213
Informática		705	256	
CM14001 Explotación de sistemas informáticos	Homes	29	16	1,813
	Mulleres	7	4	1,750
CS Desenvolvemento de aplicación informática	Homes	223	79	2,823
	Mulleres	88	31	2,839
CS Administración de sistemas informáticos	Homes	261	92	2,837
	Mulleres	97	34	2,853
Madeira e moble		102	81	
	Homes	100	79	1,266
	Mulleres	2	2	1,000
Mantemento de vehículos autopropulsados		473	213	
	Homes	469	211	2,223
	Mulleres	4	2	2,000
Mantemento e servizos á produción		282	163	
	Homes	262	151	1,735
	Mulleres	20	12	1,667
Química		213	138	
	Homes	66	43	1,535
	Mulleres	147	95	1,547



		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Sanidade		1.359	325	
CM Coidados auxiliares e de enfermaría	Homes	23	5	4,600
	Mulleres	481	106	4,538
CM Farmacia	Homes	9	2	4,500
	Mulleres	167	37	4,514
CS Anatomía patolóxica e citoloxía	Homes	8	3	2,667
	Mulleres	53	17	3,118
CS Saúde ambiental	Homes	11	4	2,750
	Mulleres	49	16	3,063
CS Dietética	Homes	11	2	5,500
	Mulleres	126	28	4,500
CS Documentación sanitaria + CS Audioprótese	Homes	11	3	3,667
	Mulleres	57	17	3,353
CS Imaxe para o diagnóstico	Homes	12	5	2,400
	Mulleres	41	15	2,733
CS Laboratorio de diagnóstico clínico	Homes	24	5	4,800
	Mulleres	138	30	4,600
CS Próteses dentais + CS Hixiene bucodental	Homes	18	4	4,500
	Mulleres	120	26	4,615

		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Servizos socioculturais e á comunidade		455	209	
	Homes	25	11	2,273
	Mulleres	430	198	2,172
Textil , e confección e pel e Vidro e cerámica		27	26	
Téxtil, confección e pel	Homes	0	0	
	Mulleres	24	23	1,043
Vidro e cerámica	Homes	1	1	1,000
	Mulleres	2	2	1,000

Extracción da mostra no ano 2010

Tamaños mostrais calculados para o estudo do ano 2010 e a súa afixación por estratos. Tamén se recolle o tamaño efectivo da mostra e os factores de elevación obtidos.

O total da poboación corresponde a 8.314 persoas tituladas de formación profesional que remataron estudos no curso 2007-2008.

O tamaño da mostra é de 2.519 persoas.

		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Actividades agrarias, marítimo-pesqueiras e industrias alimentarias		284	135	
Actividades agrarias	Homes	132	60	2,200
	Mulleres	32	18	1,778
Marítimo pesqueiras	Homes	99	45	2,200
	Mulleres	21	12	1,750
Actividades físicas		166	98	
	Homes	88	52	1,692
	Mulleres	78	46	1,696
Administración		1.352	205	
CM04001 Xestión administrativa	Homes	90	17	5,294
	Mulleres	487	72	6,764
CS04001 Administración e finanzas	Homes	140	21	6,667
	Mulleres	505	75	6,733
CS04002 Secretariado	Homes	8	2	4,000
	Mulleres	122	18	6,778
Artes gráficas e Comunicación Imaxen e Son		232	117	
Artes gráficas	Homes	41	21	1,952
	Mulleres	38	19	2,000
Comunicación, Imaxen e son	Homes	83	42	1,976
	Mulleres	70	35	2,000
Comercio e marketing		382	146	
	Homes	100	38	2,632
	Mulleres	282	108	2,611



		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Edificación e obra civil		286	130	
	Homes	174	79	2,203
	Mulleres	112	51	2,196
Electricidade e electrónica		859	189	
CM09001 Equipos electrónicos		158	34	4,647
CM09002 Equipos e Instalación electrotécnicas		276	60	4,600
CS09001 Instalacións electrotécnicas		121	26	4,654
CS09002 Desenvolvemento de produtos electrónicos		130	28	4,643
CS09003 Sistemas de regulación		49	14	3,500
CS09004 Sistemas de Telecomunicación e informáticos		125	27	4,630
Fabricación mecánica		296	133	
	Homes	288	128	2,250
	Mulleres	8	5	1,600
Hostalería e turismo		444	158	
Hostalaría e turismo				
	Homes	133	46	2,891
	Mulleres	267	93	2,871
Alimentarias				
	Homes	12	6	2,000
	Mulleres	32	13	2,462
Imaxe persoal		372	146	
	Homes	7	4	1,750
	Mulleres	365	142	2,570
Informática		480	148	
CM14001 Explotación de sistemas informáticos				
	Homes	88	16	5,500
	Mulleres	16	4	4,000
CS14001 Desenvolvemento de Aplicacións informáticas				
	Homes	139	46	3,022
	Mulleres	36	14	2,571
CS14002 Administración de sistemas informáticos				
	Homes	159	53	3,000
	Mulleres	42	15	2,800



		Titulados N	Tamaño da mostra n	Factor elevación = N/n
Madeira e moble		129	83	
	Homes	122	78	1,564
	Mulleres	7	5	1,400
Mantemento de vehículos autopropulsados		487	159	
	Homes	482	157	3,070
	Mulleres	5	2	2,500
Mantemento e servizos á produción		277	131	
	Homes	246	115	2,139
	Mulleres	31	16	1,938
Química		211	112	
	Homes	78	41	1,902
	Mulleres	133	71	1,873
Sanidade		1.574	254	
CM19001 Coidados auxiliares e de enfermería	Homes	24	5	4,800
	Mulleres	527	69	7,638
CM19002 Farmacia	Homes	15	3	5,000
	Mulleres	177	23	7,696
CS19001 Anatomía patolóxica	Homes	8	3	2,667
	Mulleres	82	17	4,824
CS19002 Saúde ambiental	Homes	21	4	5,250
	Mulleres	50	16	3,125
CS19003 Dietética	Homes	14	3	4,667
	Mulleres	122	20	6,100
CS Documentación + CS Audioprótese	Homes	22	3	7,333
	Mulleres	65	17	3,824
CS19006 Imaxe para o diagnóstico+CS Radioterapia	Homes	26	5	5,200
	Mulleres	87	15	5,800
CS19007 Laboratorio de diagnóstico	Homes	27	5	5,400
	Mulleres	134	20	6,700
CS19009 Próteses dentais + Hixiene bucodental	Homes	33	6	5,500



	Mulleres	140	20	7,000
Servizos socioculturais e á comunidade		466	159	
	Homes	39	15	2,600
	Mulleres	427	144	2,965
Textil , confección e pel e Vidro e cerámica		17	16	
Textil	Homes	1	1	1,000
	Mulleres	13	12	1,083
Vidro e cerámica	Homes	3	3	1,000

Anexo II: Cuestionario

Seguimento da incorporación á vida activa laboral do alumnado que finalizou ensinanzas de formación profesional específica no curso 2007-2008

Os datos serán utilizados soamente para o fin proposto e trataranse conforme á Lei de Protección de Datos.

Datos do cuestionario e do entrevistador

Entrevistador:	Data:	Nº. Cuestionario:
----------------	-------	-------------------

Datos das ensinanzas

Centro educativo:		COD
Ciclo formativo:		COD
Data de obtención do título	Día	
	Mes	
	Ano	

Datos persoais do alumno

Apelidos e nome			
DNI		Sexo	Home 1 Muller 2
Teléfono		Data de nacemento:	
Concello de residencia:		COD	
Provincia de residencia:		COD	

Datos da actividade laboral

P1- En que situación laboral se atopa neste momento?	Traballando	1 → Pasar P3
	Buscando emprego	2
	Estudando	3
	Outros	98
P2- Conseguiu algún emprego despois de finalizar o ciclo formativo?	Si	1
	Non	2 → Pasar P26
	Xa tiña	3
P3- Canto tempo tardou en conseguir o primeiro emprego despois de finalizar o ciclo formativo?	<i>Conseguiuno antes de comezar a estudar</i>	1
	<i>Conseguiuno mentres estudaba</i>	2
	<i>Conseguiuno de forma inmediata</i>	3
	Antes dos 6 meses	4
	Entre 6 e 12 meses	5



	Máis de 12 meses	6
--	------------------	---

P4.- Data de inicio do primeiro emprego tras rematar o ciclo formativo	Día	Mes	Ano
P5.- Data de finalización do primeiro emprego	Día	Mes	Ano
P6.- Data de inicio do emprego actual	Día	Mes	Ano

Datos sobre o primeiro emprego que conseguiu tras finalizar o ciclo formativo que terminou no curso 2007-2008

P7.- ¿Cal é a actividade e ocupación profesional do seu primeiro emprego tras rematar o ciclo? (denominación do posto)				COD
P8.- ¿Cal foi a categoría profesional no seu primeiro emprego despois de rematar o ciclo formativo?	Dirección	1	Traballador especializado, técnico (non coñece categoría)	7
	Mandos intermedios	2	Peón ou empregado sen especialización ni formación previa requirida	8
	Encargado ou xefe de equipo	3	Auxiliar/ axudante	9
	Oficial de primeira	4	Aprendiz	10
	Oficial de segunda	5	Outros (non ler)	98
	Oficial de terceira	6	Non sabe (non ler)	99
P9.- O seu primeiro emprego, despois de acabar o ciclo formativo, ¿foi por?	Conta allea no sector privado		4→ Pasar a P11	
	Sector público		2	
	Traballador autónomo sen empregados		3→Pasar a P12	
	Empresa propia		4→Pasar a p12	
P10.- No seu primeiro emprego, despois de rematar o ciclo formativo, cais eran as súas condicións laborais no sector público?	Funcionario	1	Pasar a P12	
	Interino	2		
	Persoal laboral	3		
	Contratado administrativo	4		
	Bolseiro	5		
P11.- No seu primeiro emprego, despois de rematar el ciclo formativo, que tipo de contrato tivo no sector privado?	Indefinido		1	
	Temporal	Por obra e servizo	2	
		Menos de 6 meses	3	
		Entre 6 e 12 meses	4	
		Máis de 12 meses	5	
	Sen contrato		6	



	Outros	7		
P12.- O primeiro emprego, despois de rematar o ciclo formativo, foi na empresa onde realizou a FCT?	Si	1→ Pasar P14		
	Non	2		
P13.- Por que vía conseguiu o primeiro emprego despois de acabar o ciclo formativo?	Centro educativo	1		
	Anuncios en medios de comunicación, taboleiros de anuncios,...	2		
	Contactos persoais ou familiares	3		
	Empresas de traballo temporal	4		
	Concurso/oposición	5		
	Servizo Galego de Colocación/INEM	6		
	Solicitud a iniciativa propia	7		
	Autoemprego (empresa propia)	8		
	Contactos profesionais	9		
P14.- ¿Considera que o primeiro emprego que conseguiu despois de acabar os estudos ten relación co ciclo formativo que cursou?	Si, e era a función para a que estudei	1		
	Sí, pero en una categoría inferior á que me capacitou el ciclo	2		
	No	3		
P15.- O seu primeiro emprego despois de finalizar o ciclo formativo estaba localizado en...				
Comunidade Autónoma Galega	1	Municipio		COD
		Provincia		COD
Noutra Comunidade Autónoma	2	CCAA		COD
No estranxeiro	3	País		COD

Imos falar do seu posto de traballo actual.

P16.- Cal é a actividade e ocupación profesional do seu emprego? (denominación do posto).				COD
P17.- ¿Cal é a súa categoría profesional no seu emprego?	Dirección da empresa ou departamento	1	Traballador especializado, técnico (non coñece categoría)	7
	Mandos intermedios	2	Peón ou traballador sen especialización, en posto que non require formación específica	8
	Encargado ou xefe de equipo	3	Auxiliar/ axudante	9
	Oficial de primeira	4	Aprendiz	10
	Oficial de segunda	5	Outros (no ler)	98
	Oficial de terceira	6	No sabe (non ler)	99
			Conta allea no sector privado	



P18.- O seu emprego actual é por	Conta allea no sector privado		1 Pasar a P20
	Sector público		2
	Traballador autónomo sen empregados		3 Pasar a P21
	Empresa propia o membro de cooperativa		4 Pasar a P21
P19.- Cales son as súas condicións laborais no emprego actual no sector público?	Funcionario		1
	Interino		2
	Persoal laboral		3
	Contratado administrativo		4
	Bolseiro		5
			Pasar a P21
P20.- Que tipo de contrato ten no seu emprego actual?	Indefinido		1
	Temporal	Por obra e servizo	2
		Menos de 6 meses	3
		Entre 6 e 12 meses	4
		Máis de 12 meses	5
	Sen contrato		6
	Outros		7
P21.- O emprego actual é na empresa onde realizou a FCT?	Si		1 Pasar a p23
	Non		2
P22.- Por que vía conseguiu o emprego que desempeña actualmente?	Centro educativo		1
	Anuncios en medios de comunicación, Internet, taboleiros de anuncios,...		2
	Contactos persoais ou familiares		3
	Empresas de traballo temporal		4
	Concurso/oposición		5
	Servizo Galego de Colocación/INEM		6
	Solicitud a iniciativa propia		7
	Autoemprego		8
	Contactos profesionais		9

P23.- Considera que o seu emprego actual ten relación co ciclo formativo que cursou?	Si		1
	Non		2
P24.- Considera que o seu emprego actual responde ás expectativas que tiña ao finalizar os estudos?	Si		1
	Non		2
P25.- O seu emprego actual está localizado en...			
Na Comunidade Autónoma	1	Municipio	COD
Galega		Provincia	COD



Noutra Comunidade Autónoma	2	CCAA		COD
En el estranxeiro	3	País		COD

A TODOS

Continuación de estudos

P26.- Continúa estudando? (aínda que ocupe poucas horas á semana)	Si	1	
	Non	2	
P27.- Os estudos que está realizando son:?	Formación Profesional	1	
	Estudios universitarios	Ciencias da saúde e ciencias experimentais	2
		Ciencias sociais e xurídicas	3
		Ensinanzas técnicas	4
		Ensinanzas de humanidades	5
	Outros estudos	Cursos de formación ocupacional, continua ou similar	6
		Preparando oposicións ou en academia para preparar oposicións	7
		Outros cursos en centros privados de formación	8
Outros		9	
Denominación dos estudos (RESPONDER TODOS)			

Valoración persoal

P28.- ¿Ten intención de crear a súa propia empresa? (plans concretos para os próximos tres anos, aínda que non realizara ningunha xestión para poñelo en marcha).	Xa teño		1
	Si	Corto prazo (menos dun ano)	2
		Medio prazo (1 a 3 anos)	3
	Non		4

P29.- Valore de 1 a 6 o grao de satisfacción coa formación recibida no ciclo formativo. (1 significa totalmente insatisfeito e 6 significa completamente satisfeito)	(1 a 6)	
--	----------------	--